



BASES MERCADO “VINTALBA”

1. OBXECTO DAS BASES

O obxecto destas bases é a regulación dos requisitos e condicións, así como do procedemento para a participación no III Mercado de Segunda Man de Vilalba, en adiante “Vintalba”

2. LUGAR, DATA E HORARIO DE CELEBRACIÓN

Terá lugar o domingo 8 de febreiro de 2026 na Praza de Santa María en Vilalba.

En caso de forza maior ou condicións atmosféricas adversas, a data pode ser modificadas ou a súa celebración anulada a criterio da organización, sen dereito a indemnización algunha.

O horario de apertura ao público será ás 10.00 horas. Os participantes que teñan posto confirmado deberán acudir entre 9.00 e as 10.00 horas para a súa montaxe. A recollida do posto asignado deberá efectuarse a partir das 15.00h, deixando oposto asignado e as suas inmediacións tal e como se atopou.

3. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no mercado: Particulares maiores de idade e asociacións sen ánimo de lucro que se inscriban previamente e cuxa solicitude fose aceptada pola organización segundo os procedementos establecidos. Terán prioridade as persoas empadroadas en Vilalba.

Non poderán inscribirse entidades con ánimo de lucro ou empresas que se adiquen á venda ambulante.

A participación no mercado de segunda man será gratuíta.

4. PROCESO DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación de solicitudes para participar no “Vintalba” será dende o 14 de xaneiro de 2026 ata o 30 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos).

A inscrición farase enviando o anexo cumprimentado por correo electrónico a feiras@vilalba.es.

O mercado, por ter un espazo limitado, terá prazas de venda limitadas. A orde da inscrición (data/hora) determinará a orde da inscrición definitiva. Se hai máis solicitudes que prazas, abrirase unha lista de espera.

A admisión de solicitudes fundamentarase no número de emplacements dispoñibles, diversificación dos produtos expostos e maior adecuación ao carácter do evento. A Organización será responsable da distribución dos postos, atendendo a criterios de conveniencia e funcionalidade.

Non se admitirá a participación no mercado a aquelas persoas que non realizasen a súa correspondente inscrición.

5. REQUISITOS PARA OS POSTOS DO MERCADO DE SEGUNDA MAN

O Concello facilitará a cada participante un expositor no que colocar os artigos que trae ao mercado. Será obrigatorio que cada vendedor leve un mínimo de 40 artigos.

Poderá realizarse venda e exposición de artigos de segunda man. Non se aceptarán produtos novos, restos de tendas e stocks de comercios.

O carácter do mercado é de segunda man; é dicir produtos ou obxectos que foron usados polo menos unha vez, e débense ofrecer nun estado de bo funcionamento ou uso.

Estará completamente prohibido expoñer, vender ou intercambiar:

- Produtos de alimentación.
- Calquera produto ou obxecto que necesite licenza para poder venderse.
- Calquera produto ou obxecto que supoña un risco de perigo para os visitantes do mercado.
- Animais
- Calquera produto ou obxecto cuxa propiedade legal non é do participante ou este non posúa autorización.
- Calquera produto ou obxecto que ten a súa orixe na piratería (DVDs, películas, vídeos, etc) cuxa propiedade foi obtida por vías ilegais.

Suxírese que os produtos teñan un prezo marcado, así evitárase a especulación e tamén que poida haber malos entendidos.

Os participantes deberán estar durante todo o horario ou ceder a responsabilidade a outra persoa que se faga cargo da súa parada. Sempre deberá haber, polo menos, unha persoa que cuide do seu espazo.

6. EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADES POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

A organización non é responsable polo que pode pasar entre público e o vendedor.

A organización non é interlocutora, nin mediadora.

A organización non é responsable do estado do material exposto polos participantes.

A organización non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, ou roubo do material exposto polo expositor e que se produza no lugar do mercado, durante as horas do mercado, incluído o tempo necesario para a montaxe e desmonte.

A organización non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, que pode producirse por calquera condición atmosférica o día do mercado.

7. DISPOSICIÓNS XERAIS

Todos os participantes polo feito da súa inscrición, aceptan os requisitos, disposicións e condicións recollidos nas presentes Bases de Participación no mercado de segunda man “Vintalba”

Toda infracción a calquera das presentes bases poderá motivar a expulsión inmediata do Mercadillo.

A Organización resérvase o dereito de determinar a decisión respecto a todos os casos non previstos ou que parezan dúbidosos nas presentes Bases.

A organización resérvase o dereito de fotografar ou gravar con vídeo ao público, expositores e mercadorías expostos nos postos, podendo utilizar estas reproducións nas súas publicacións e promocións oficiais.

Para calquera aclaración poden chamar ao teléfono 982510305 ou escribir ao correo feiras@vilalba.es



FICHA INSCRIPCIÓN MERCADO SEGUNDA MAN "VINTALBA"
(TODOS OS CAMPOS DEBERÁN SER CUBERTOS CON LETRAS
MAIÚSCULAS E CON CLARIDADE)

NOME DO VENDEDOR:

DIRECCIÓN:

PROVINCIA:

POBOACIÓN:

NIF / CIF:

MÓBIL:

MÓBIL 2:

FIXO:

**CORREO
ELECTRÓNICO:**

**PRODUTOS
QUE VENDERÁ:**

**NÚMERO
APROXIMADO
PRODUTOS:**

**NOME PARA O
POSTO:**

FIRMA E DATA: